

**D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> JESÚS LAGO REY, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **19 de decembro de 2014**, adoptou o seguinte acordo:

**3.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES. EXPTE. 2757/440.**

Dáse conta da proposta de data 19.12.14, asinada polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A Mesa de Contratación celebrada o 19 de decembro de 2014, entre outros, acordou:*

**5.- Propostas de clasificación.**

*a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales. Exped 2757-440*

*Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 11-12-2014, 12-12-2014, 15-12-2014 e 19-12-2014 e dos informes do xefe de Area de Fomento de datas 18-12-2014 e 19-12-2014, por unanimidade dos asistentes, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales. Exped 2757-440, no seguinte orde decrecente:*

|    |                                                     |       |
|----|-----------------------------------------------------|-------|
| 1  | PETROLAM A VEIGA, S.L.                              | 92,75 |
| 2  | CIVISGLOBAL, S.L.                                   | 90,68 |
| 3  | ORESA, S.L.                                         | 88,95 |
| 4  | COPCISA, S.A.                                       | 86,21 |
| 5  | UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU.                       | 84,98 |
| 6  | CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, SLU.                        | 84,92 |
| 7  | CONSTRUCCIONES VALE, S.L.                           | 82,91 |
| 8  | STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.                      | 81,75 |
| 9  | CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.                         | 81,26 |
| 10 | XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.                | 80,57 |
| 11 | CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.                    | 75,83 |
| 12 | UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU. - ALTRASAN | 72,86 |
| 13 | EMERGIS CONSTRUCCIÓN, S.L.                          | 71,05 |
| 14 | MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.                        | 69,25 |
| 15 | LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.                      | 68,40 |
| 16 | ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, S.A.                 | 66,68 |
| 17 | ORECO, S.A.                                         | 60,99 |
| 18 | HORDESCON, S.L.                                     | 58,26 |
| 19 | T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L.             | 46,14 |
| 20 | ESPINA OBRAS HIDRAULICAS, S.A.                      | 43,34 |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PETROLAM A VEIGA, S.L. para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.*

*Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 657,22 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a dezanove de decembro do ano dous mil catorce.

me

V. e Pr.  
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.